

a miña RELACIÓN FILOLÓXICA con Victoriano Taibo

[I]

Nunca falei con don Victoriano, persoa que, sendo eu moi novo, xa suscitaba en min un interese grande, especialmente por estar empeñado, moi sinceramente, en beber nas fontes populares da Fala. Froito desta preocupación son un mollo de artigos de prensa e un extenso prólogo, o do seu libro de contos *Da agra aberta* (1956). Sería útil, para os historiadores do galego literario, recoller nun volume estas páxinas. Ese volume tamén debería acoller cartas –non poucas– nas que se pronuncia, ás veces con máis sinceridade que na prensa, sobre certos fenómenos lingüísticos.

[II]

No verán de 1959 fun destinado, como catedrático de Lengua y Literatura Españolas, ó Instituto “Jorge Manrique” de Palencia, verán no que escribín varios artigos de Lingüística galega que enviei a *La Noche* (Santiago), o xornal que dirixía Borobó, amigo que acollía sempre con interese os meus artigos. Titulábase un dos primeiros “Sobre “verba” y otras voces que significan ‘palabra” (4-VII-1959). A min “verba” xa me suscitaba dúbidas, o que me fixo escribir este parágrafo:

Tenía que ser un saboreador de palabras, como Victoriano Taibo, quien justificase decididamente tales dudas. Para Taibo, peregrino de todas las “corredoiras” del idioma, el pueblo usa “verba” en el sentido de ‘leria’, ‘labia’... y nunca en el de término, vocablo. Tal observación, avalada por muy oportunos refranes, figura en el sabroso e interesante prólogo que Victoriano Taibo pone a su libro de cuentos populares *Da agra aberta* (1956)...

Era a primeira vez que me pronunciaba sobre este peregrino por todas as “corredoiras” do idioma, e fíxeno, penso, con agarimo.

Sete días despois, tamén en *La Noche* (11-VII-1959), Taibo publica un artigo que, en

certo modo, é unha resposta ó meu: “Verba-palabra’, ‘parola-palabra’, ‘fala-palabra’”. No artigo conclúe que “La voz usual en toda Galicia es “palabra”, y por “palabra” no se dice “verba””.

Poucos días despois (1-VIII-1959) publiquei “Perfeito, defeito, reito... ¿por qué?”. Eu, partidario, daquela, en certo modo, das formas “perfeito”, “defeuto”, “reuto”... (que existían na pronuncia do *pobo*, non así “perfeito”, “defeito”), apelaba, nun dos parágrafos, á autoridade do señor Taibo: “El testimonio de algunos conocedores del idioma vivo se inclina por la inexistencia de “it”. En esta línea estamos Victoriano Taibo, Aquilino Iglesia Alvariño y yo”.

Unha vez máis recoñecía eu o que tiñan de acertadas as incursións de Taibo en determinados eidos do falar popular (Algún lingüista de hoxe debería examinar, no citado prólogo, qué incursións son máis discutibles).

[III]

Supoño que, agradecido ás miñas referencias –el que, fóra dos cenáculos, estaba moi pouco asistido– procurou o meu “endereço” e escribume unha carta para ofrecerme un exemplar de *Da agra aberta*. Na carta xorde axiña –como acontece (cónstame) en cartas a outros destinatarios– a controversia sobre feitos idiomáticos. Transcribo:

Sr. D. Xesús Alonso Montero.

Meu respetado señor: acabo de me enterar que está vostede en Palencia, sei a súa *dirección* –penso que iso de *endereço* é unha parvada dos do galego moderno, inda que está ben no portuxés– e acordei escribirlle para preguntarlle se coñece o meu libro de contos “*Da agra aberta*”, que no literario, e menos no d’agora, malia o mérito que tén; mais no que atinxe ó léxico, pol-a súa condición de filólogo e gramático, podería interesarlle. Só por esta razón foi publicado, e para vostedes os verdadeiros amantes da fala.

Se o non ten, teña a amabilidade de mo decir, e será moi do meu gusto adicarlle un exemprar dos pouquiños que quedan, pois está, como aquel que ái, *agotado*. Os do galego moderno din *esgotado* â portuxesa. Non sei, me non atrevo a *pór esgotado*. Teño para a miña fala os meirandes respetos, escribo sempre con medo.

Â espera das súas noticias, saúdo e ofrecese seu sincero admirador, decote no millore e máis enxebre dos afectos, enraizados no amor a Terra e a súa fala,

Victoriano Taibo

Vigo, 28 de Sebro. do 1959
a./ Palencia 31-1º (Lavadores)
s./
c./ Vigo

[IV]

Non gardo copia da miña resposta. Despois de 1960, xa eu destinado no Instituto de Lugo, non se presentou a ocasión de que puidésemos “parolar” en Vigo sobre as nosas preocupacións



► Antón Beiras

[Arquivo Familia Beiras Cal]



► Antía Cal

idiomáticas. En Vigo, don Victoriano, home alleo a cenáculos e tertulias, gustaba de falar co doutor Antón Beiras García, o coñecido oftalmólogo; tamén coa súa muller, a profesora Antía Cal.

Era o deles o fogar urbano de Galicia onde don Victoriano percibía máis coherencia lingüística. O doutor, a pedagoga e os seus catro fillos empregaban entre eles, sistematicamente, o idioma galego. Supoño que foi esta realidade a que o levou a regalar a tan consecuente familia un libro de relatos, *Contos pequenos*, aínda inédito. Os contos están dedicados, ó primoxénito da casa, nestes termos: “Escritos para o neno Hixinio Ultreia Beiras Cal”. Supoño que o segundo nome do rapaz facía as delicias do escritor.

Moitos anos despois, cando en Padrón recibín o Pedrón de Ouro, Antía Cal, xa viúva, fíxome un agasallo extraordinario: o manuscrito dese libriño de contos.

E aquí, anos despois do falecemento de don Victoriano, finaliza a miña relación “filolóxica” con el. ■